

Visto o expediente CTG 114/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Núm. Expediente: 114/2026

Interesado: .. .

Organismo: 26 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data 6.6.2026 tivo entrada nesta Comisión da Transparencia de Galicia un escrito de reclamación formulado polo interesado, ante a falta de resposta expresa ás solicitudes de acceso á información pública presentadas ante vinte e cinco concellos de Galicia.

As solicitudes tiñan por obxecto, fundamentalmente, información de carácter retributivo, económico e organizativo vinculada aos corpos de Policía Local e ao persoal municipal.

Na mesma reclamación o interesado insta a actuación desta Comisión en relación co expediente RSCTG 580/2025, no que se ditou unha resolución estimatoria das pretensións do interesado respecto do Concello de Melide, que non foi executada pola citada administración local nos termos dispostos na resolución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa

práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativo, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente lei recoñece ás persoas

e aos interesados en todo procedemento administrativo.

[...].”

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal *“A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”*¹.

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do*

¹ A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derogada, debe entenderse realizada á LPAC.

silencio administrativo”. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

No suposto que nos ocupa, na medida na que, fóra do suposto do Concello de Melide, o interesado presenta unha reclamación contra a desestimación presunta das súas solicitudes, a reclamación do 6.6.2026 estaría presentada en prazo.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 24 da LTAIP configura a reclamación en materia de acceso á información pública como un mecanismo específico de revisión da actuación administrativa desenvolvida por un *concreto suxeito obrigado* respecto dunha *determinada solicitude de acceso*. Xa que logo, a reclamación constitúe un procedemento autónomo de garantía do dereito de acceso á información pública, no que a Comisión da Transparencia debe examinar a conformidade a dereito da actuación ou da inactividade da administración destinataria da solicitude, previa instrución do correspondente expediente e con plena observancia dos principios de contradición e audiencia.

Esta configuración legal determina que cada solicitude de acceso á información pública xere unha relación xurídico-administrativa independente entre a persoa solicitante e o suxeito obrigado ao que se dirixe a petición. En consecuencia, a eventual reclamación fronte á resolución expresa ou presunta desa solicitude presenta igualmente un obxecto propio, unha administración reclamada determinada e un expediente administrativo diferenciado.

No presente caso, o interesado pretende impugnar mediante un único escrito a falta de resolución de vinte e cinco solicitudes de acceso formuladas ante outras tantas entidades locais, todas elas dotadas de personalidade xurídica propia,

autonomía organizativa e plena capacidade para o exercicio das súas competencias.

A circunstancia de que as solicitudes presentadas teñan o mesmo obxecto, fosen formuladas pola mesma persoa ou se fundamenten nun mesmo réxime xurídico de acceso non altera a existencia dunha pluralidade de relacións xurídicas autónomas nin transforma nunha única actuación administrativa o conxunto de actuacións ou omisións imputables a cada unha das entidades locais afectadas.

Non cabe tampouco fundamentar a tramitación conxunta no disposto no artigo 57 da LPAC, polas razóns que de seguir se expoñen:

- En primeiro lugar, porque o citado precepto regula a acumulación de procedementos administrativos cando exista identidade substancial ou íntima conexión entre eles, facultade que corresponde ao órgano que tramita procedementos respecto dos que ostenta competencia instrutora e resolutoria. No presente caso non existen varios procedementos de reclamación previamente incoados susceptibles de acumulación, senón unha única reclamación formulada fronte a unha pluralidade de suxeitos obrigados.
- En segundo lugar, porque a acumulación prevista no artigo 57 da LPAC presupón a existencia de procedementos susceptibles de resolución unitaria. Tal circunstancia non concorre no suposto agora examinado, dado que cada unha das solicitudes de acceso se dirixe a unha entidade local distinta, con personalidade xurídica propia. Este feito determina a existencia de expedientes administrativos independentes, con eventual documentación diferenciada e respecto dos que se xera un dereito autónomo de audiencia e defensa.

En consecuencia, non existindo habilitación legal para a tramitación conxunta pretendida, nin sendo aplicable ao presente suposto a figura da acumulación prevista no artigo 57 da LPAC, a reclamación formulada resulta inadmisíbel na forma en que foi presentada, sen prexuízo do dereito do interesado a promover reclamacións individualizadas respecto de cada unha das solicitudes de acceso formuladas.

Por outra banda, e en relación coa situación exposta respecto do Concello de Melide, cómpre precisar que a supervisión da execución das resolucións ditadas excede do ámbito de competencias desta Comisión da Transparencia de Galicia.

Por conseguinte, esta Comisión carece de competencia para atender a solicitude neste extremo, de tal xeito que a execución da resolución no expediente RSCTG580/2025 deberá instarse, ben directamente ante o Concello de Melide, ben, de ser o caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O arquivo da presente reclamación, acordado en virtude dos fundamentos precedentes, non leva consigo ningún pronunciamento sobre o fondo das solicitudes de acceso formuladas ante cada Concello, nin sobre a eventual existencia de silencio administrativo respecto de cada unha delas. Determina unicamente que a tramitación conxunta non é procedente na forma en que foi presentada.

O interesado conserva íntegro o seu dereito a formular reclamacións individuais fronte a cada un dos Concellos enumerados no escrito inicial, sen que o arquivo da presente reclamación implique a perda ou a caducidade de dito dereito.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

A C O R D A

Primeiro. Declarar, nos termos expostos nesta resolución, a inadmisión a trámite e, en consecuencia, acordar o arquivo da reclamación formulada con data do 6.6.2026 (CTG-114/2026) por

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta Comisión, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da LPAC.

Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 10.1.c) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Andrés Lago Louro

Presidente da Comisión da Transparencia.